

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2006 COMUNICADO

Nova aceleración no crecemento dos prezos das importacións e das exportacións en marzo de 2006.

O índice de prezos das exportacións creceu un 7,3% en marzo de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia volveron a repuntar cun crecemento do 7,3% en marzo de 2006 con respecto a marzo de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acadada igualmente un crecemento do 7,3%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo acadaron un crecemento do 3,7%; os bens de equipo creceron un 11,3%, e os bens intermedios creceron un 10,9%

O índice de prezos das importacións creceu un 13,7% en marzo de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 13,7% en marzo de 2006 con respecto a marzo de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións tamén creceron un 13,7%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 10,0%, os bens de equipo un 8,1% e os bens intermedios un 12,4%.


Índices de valor unitario. Marzo 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	99,1	7,3%	4,0%
Importacións/introduccións	108,8	13,7%	11,6%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	99,9	7,3%	4,0%
Importacións/introduccións	110,2	13,7%	11,5%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FORNTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>